



RAÚL DANS DECÁNTASE POLO TEATRO MÁIS QUE POLA NOVELA |

Imagen: XOÁN A. SOLER (/FIRMAS/XOAN-ARIAS-SOLER)

«O éxito para min é que a obra se pareza en algo ao que pensei»



C. F.
SANTIAGO/LA VOZ. 19/10/2010 02:00

Xa é a segunda vez que Raúl Dans asoma a súa escrita polo Álvaro Cunqueiro. É unha fortuna, por unha banda, pero tamén unha demostración de que é moi difícil ter lectores ou espectadores en Galicia sen a intermediación dun premio.

-¿Segue sendo difícil encontrar público e lectores para os autores contemporáneos?

-Nos casos como o meu diría que imposible. Levo anos escribindo sen chegar aos espectadores nin aos lectores e chego só grazas aos premios. Esa distancia entre os autores e as compañías e o público creo que se foi agravando nos últimos anos. Aínda que se miras, por exemplo, o programa da Feira das Artes Escénicas parece que si se representan autores galegos. Pero son sempre autores con compañía. Para un autor só non hai posibilidades e non teño ganas de meterme a ter compañía nin cousa así.

-¿Pero unha vez que se gaña un premio como o Cunqueiro, cal é o proceso que se segue para que esa obra chegue aos escenarios?

-Neste caso haberá unha publicación e iso para min xa é unha posibilidade. Pero de aí ata os escenarios hai unha distancia que eu non vou percorrer porque creo que os directores galegos xa me coñecen e coñecen a miña obra. Non vou andar pedindo que me representen o texto. Creo que ese non é meu traballo. Noutro tempo fun máis posibilista na escrita que na actitude.

-¿Nesa circunstancia, ser dramaturgo é frustrante?

-É moi frustrante, pero tamén é certo que no meu caso hai anos que deixei de buscarlle as voltas. Escribo, escribo o que quero e para min o éxito consiste en que a peza terminada se pareza algo ao que tiña na cabeza cando comecei a escribir. Polo demais os directores non me chamaron nunca para preguntarme que estaba escribindo. Creo que fóra sucede algo diferente porque autores madrileños ou cataláns están conseguindo estrear con regularidade e creo que se debe a que se presiona un pouco para que sexa así.

-¿Non se propón algún día pasar á novela?

-Sempre hai fantasías con iso. A xente preguntámo e eu agradezo a confianza de que pensen que podo facelo. Pero cando me poño a escribir sáeme teatro. Eu empecei de actor e sempre me sae teatro. Por outro lado a novela esixe moitas palabras. Eu creo que o teatro é para autores preguiceiros, que non queren pasarse moito tempo sentados. Eu prefiro darlle moitas voltas aos personaxes, as accións, á trama. Pero non quero escribir e escribir.

-A obra pola que gañou o premio está protagonizada só por mulleres.

-Non hai ningún tipo de reivindicación niso. Hai tempo dicíase que non había grandes papeis para mulleres e, no que tiña que ver coa miña obra, que destacaban os personaxes femininos; quizais neste caso é esa suma de traballar máis nesa liña. Pero non se trata dunha declaración nin dunha reivindicación, porque penso nese sentido que o que hai que recolocar agora é o papel dos homes.